

Recurso nº 23/2018**Resolución nº 18/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 4 de xuño de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por M.A.G.B. actuando en nome e representación de EULEN SEGURIDAD S.A. contra a decisión da Mesa de contratación de exclusión das súas ofertas presentadas para os lotes 1,2, e 3 do procedemento de licitación do contrato do servizo de seguridade e vixilancia nos distintos centros da Xerencia da xestión integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, dependente do Servizo Galego de Saúde, expediente AB-EIL1-17-004, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Xerencia da xestión integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos convocouse a licitación do contrato do servizo de seguridade e vixilancia nos seus distintos centros, cun valor estimado declarado de 6.667.280,00 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no Perfil do contratante e no DOUE o 19.10.2017, no BOE o 31.10.2017 e no DOGA o 3.11.2017.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adelante).

Terceiro.- A Mesa de contratación, na súa reunión de 18.4.2018 acordou excluír do procedemento de contratación a oferta de EULEN SEGURIDAD S.A. para os lotes 1, 2 e 3, por non superar a puntuación mínima do 50% nos criterios non avaliados de forma automática.

Tal acordo foi comunicado o 23.4.2018, que xuntaba como documento anexo o informe técnico de valoración xustificativo do acordo adoptado.

Cuarto.- En data 18.05.2018 a entidade EULEN SEGURIDAD S.A. interpuxo perante o órgano de contratación recurso especial en materia de contratación contra a decisión de exclusión das súas ofertas.

Quinto.- O recurso tivo entrada neste TACGal o día 24 de maio, acompañado do expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

Sexto.- Trasládouse o recurso aos interesados en data 24.05.2018, presentando alegacións a entidade SALZILLO SEGURIDAD S.A.

Sétimo.- O 28.05.2018 adoptouse a medida cautelar de suspensión do procedemento solicitada pola recurrente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A recorrente ostenta lexitimación para a interposición deste recurso especial en base ao sinalado no artigo 48 de la LCSP xa que ao impugnarse o acordo da súa exclusión do procedemento trátase dunha persoa cuxos dereitos ou intereses lexítimos vense prexudicados de maneira directa polas decisións obxecto do recurso.

Cuarto.- O acordo de exclusión notificouse o día 23 de abril, sendo recollida a dita notificación polo representante da empresa o día 24, segundo consta no acuse de recibo que consta no expediente.

Polo tanto, constando o día 16 de maio como data de presentación do recurso, este foi presentado dentro do prazo legalmente previsto.

Quinto.- A licitación ten valor estimado declarado de 6.667.280,00 euros, verbo dunha contratación de servizos. Dentro da mesma, se impugna un acordo de exclusión, polo que a actuación é recorrible ao abeiro do artigo 44.1 a) e 2.b) LCSP.

Sexto.- O recorrente fundamenta o seu recurso na indebida baremación da súa oferta efectuada polo órgano de contratación no apartado referente á “estrutura e organización do servizo”, no que alcanzou unha puntuación de 1,33 sobre 14 puntos posibles.

Ademais, cita diversas resolucións de tribunais administrativos e xurisprudencia contrarias á exclusión de ofertas por motivos formais.

Sétimo.- O órgano de contratación, pola súa banda, reitérase no informe técnico que motivou a exclusión da recorrente, indicando que o mesmo cumpriu escrupulosamente co establecido nos pregos de cláusulas administrativas.

Oitavo.- Igualmente, a entidade alegante defende a exclusión adoptada polo órgano de contratación e a valoración técnica da oferta excluída, argumentando ademais a necesidade de respectar a discrecionalidade técnica do órgano.

Noveno.- O debate céntrase, polo tanto, en determinar se na valoración técnica da oferta da recorrente producíronse erros determinantes da súa exclusión, ao non valorarse adecuadamente determinada documentación que foi presentada e non se tivo en conta na puntuación outorgada, concretamente no apartado correspondente á estrutura e organización do servizo, único apartado que é obxecto de discusión no recurso.



A cláusula 5.2.2 do PCAP establece:

“ a) Estructura y organización del servicio, se otorgará una puntuación global hasta un máximo de 14 puntos tras el análisis de la propuesta formulada por el licitador. Así serán objeto de valoración: la idoneidad de la distribución de los recursos humanos; la propuesta de organización del servicio o propuesta de actuaciones en la prestación del servicio adoptadas a las necesidades de seguridad de cada uno de los centros; y la metodología de desarrollo del servicio o protocolos de actuación propuestos por los licitadores para cada uno de los procedimientos. En el apartado de metodología de desarrollo del servicio deberán detallarse, entre otros, los siguientes procedimientos:

Protección del personal y usuarios;

Protección de bienes muebles e inmuebles;

Control y vigilancia de áreas y lugares críticos;

Control de alarmas;

Control de la circulación de vehículos y de personas dentro de los recintos y de los Centros objeto del contrato;

Medidas a implantar en materia de calidad y prevención de riesgos laborales.

Custodia de pertenencias

(...) La distribución de la puntuación en cada criterio se realizará de forma proporcional a cada uno de los ítems objeto de puntuación”

Pois ben, o informe técnico de puntuación sinala respecto a oferta da recorrente o seguinte:

“Presenta oferta genérica sin ajustarse a los centros objeto de contrato. No aporta distribución de recursos humanos. No presenta organización del servicio. No aporta propuesta de actuaciones en la prestación del servicio adaptadas a cada centro. No presenta metodología del desarrollo del servicio.

E como xustificación da puntuación outorgada explica:

Se le otorga a esta oferta un puntuación de 1,33 puntos por presentar servicio de acuda al Hospital Xeral y central receptora propia. Presenta una propuesta genérica no adaptada a los centros objeto del procedimiento de contratación y no aportar distribución de recursos humanos específica (0).

Metodología del desarrollo del servicio no adaptada a los centros objeto del procedimiento de contratación y deja sin desarrollar puntos exigidos en el pliego de prescripciones técnicas (0).

Polo tanto, podemos concluír que ao apartado correspondente á estrutura e organización do servizo correspóndelle unha puntuación global de 14 puntos que se distribúen en tres subapartados cunha puntuación máxima de 4,66 puntos cada un, como son: a) a idoneidade da distribución dos recursos humanos; b) a proposta de organización do servizo ou proposta de actuacións na prestación do servizo adoptadas ás necesidades de seguridade de cada un dos centros; c) a metodoloxía de desenvolvemento do servizo.

O recorrente expón que, ao contrario do sinalado no informe técnico, a súa oferta si recollía unha distribución de recursos humanos, ademais dunha análise de riscos para cada centro, polo que a mesa incorreu nun erro na súa valoración.

Compre lembrar que o obxecto de valoración é a “idoneidade na distribución de recursos”, tal e como consta nos pregos que rexen a licitación.

Este Tribunal puido comprobar que na oferta presentada por EULEN constan cadros de distribución de persoal, con indicación de tramos horarios segundo os días da semana. Pero eses cadros limítanse a plasmar graficamente as distribucións mínimas para cada centro xa fixadas no punto 3 do PPT para cada un dos lotes, tanto en vixiantes, como en quendas e días, sen aportar ningunha nova información ao respecto.

É lóxico que a simple repetición na oferta técnica dos requisitos mínimos fixados no PPT non poida ser obxecto de valoración, e así o debe entender un licitador dilixente no momento da presentación da súa oferta.

De feito, da lectura comparativa do informe técnico respecto ás distintas ofertas presentadas resulta que así o comprenderon o resto de licitadores, que aportaron información relativa ao persoal e as súas funcións, especificando horarios e tarefas por posto, o que se recolle concretamente no informe como un dos aspectos que fundamentan as distintas puntuacións outorgadas.

Así o sinalan nas súas alegacións tanto o órgano de contratación como a entidade alegante, que argumenta tamén a diferenza existente entre os distintos postos, as súas singularidades e tarefas concretas.

Polo tanto, este TACGal non pode apreciar que se producise ningún erro invalidante no proceso de valoración deste apartado. O mesmo sucede co alegado

polo recorrente respecto a análise de riscos, que como mera análise específica non era un aspecto concreto valorable segundo o PCAP, e non consta como tal no informe técnico como argumento xustificativo da puntuación de ningunha das ofertas. Como sinala o órgano de contratación no seu informe, EULEN limitouse a ofertar unha análise de riscos con posibles vulnerabilidades que en ningún caso pode ser valorada, por non tratarse dunha proposta de organización nin dunha proposta de actuacións.

A estes efectos, é preciso lembrar a consolidada doutrina dos Tribunais administrativos sobre a discrecionalidade técnica do órgano de contratación no proceso de valoración das ofertas e as posibilidades de revisión a este respecto que lle corresponden (por todas, a recente resolución 54/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía).

Así, como indicabamos na nosa Resolución TACGal 9/2018 :

“En definitiva, cabe concluír que non se aportan a este Tribunal elementos para apreciar que houbera un erro patente, unha aplicación arbitraria ou desigual, ou infraccións formais, polo que as alegacións vertidas responden entón a unha diferenza de criterio do impugnante fronte a valoración efectuada por quen ten a competencia para isto, o cal excede do carácter revisor do axuízamento que, nestes debates, corresponde ao TACGal”.

Deste xeito, non procede valorar o feito alegado pola recorrente polo que se outorga relevancia á escasa diferenza de puntuación existente para que a súa oferta supere o umbral determinante da exclusión.

Por último, e respecto ás diferentes resolucións de Tribunais administrativos citadas no recurso, non procede maior análise das mesmas pois ao referirse á erros formais na documentación presentada, que non constan no expediente ni foron determinantes da exclusión, non teñen relación co obxecto do recurso.

Polo tanto,

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1.- **Desestimar** o recurso interposto por EULEN SEGURIDAD S.A. contra a decisión da mesa de contratación de exclusión das súas ofertas presentadas para os lotes 1, 2, e 3 do procedemento de licitación do contrato do servizo de seguridade e vixilancia nos distintos centros da Xerencia da xestión integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, dependente do Servizo Galego de Saúde, expediente AB-EIL1-17-004.

2. Levantar a suspensión do procedemento acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.